

CERTAME ESCOLAR DE ILUSTRACIÓN



ilustrar **nós.**

+info: cultura.deputacionlugo.gal

BASES

CERTAME ESCOLAR DE ILUSTRACIÓN **ilustrarNÓS**

Cada 30 de xaneiro, desde 2014, celebramos o Día da Ilustración como xeito de impulsar esta arte, popularizar a obra de diferentes profesionais e animar á creación artística como punto de partida para novos valores da ilustración galega.

Esta efeméride coincide co aniversario do nacemento de Castelao. O que outrora fora membro do Seminario de Estudos Galegos e do grupo Nós, creativo e divulgador a través de múltiples formas de expresión, deixou a súa pegada plasmada en numerosas ilustracións, caricaturas e escritos que o converten na cabeceira dunha grande lista de artistas que a nosa ilustración foi dando ao longo do tempo e que este 2024 lembra a figura do humorista gráfico, xornalista e publicista, Chichi Campos.

Co obxectivo de promover entre o alumnado dos centros educativos da provincia a creatividade artística e plástica e achegarlle o gusto pola arte de ilustrar, a Área de Cultura da Deputación de Lugo convoca o III Certame Escolar de Ilustración **ilustrarNós** con arranxo ás seguintes

BASES

1.- Participantes

Poderá participar todo o alumnado matriculado durante o curso escolar 2023/2024 nos centros educativos públicos, concertados e privados da provincia de Lugo. Os traballos serán presentados polo centro escolar ao que pertencen os e as participantes e virán acompañados do formulario de inscrición e a autorización que acompañan a estas bases. Para a correcta participación das e dos participantes menores de idade requírese a autorización dunha das persoas que ostenten a súa representación.

2.- Categorías

- 5º e 6º de Educación Primaria
- 1º e 2º de ESO
- 3º e 4º de ESO
- Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio

3.- Presentación e formato

Todas e todos somos conscientes da importancia de celebrar, de compartir co resto da xente momentos que homenaxean a unha persoa, un feito histórico, unha época do ano, unha crenza... En Galicia hai milleiros de festas, milleiros de momentos para atopármonos e celebrar a vida, onde a diversión e o convivio estouran en ledicia compartida que deixan imaxes inesquecibles na nosa lembranza. O dicionario da Real Academia Galega RAG define FESTA como o conxunto de actos de carácter alegre organizados co fin de celebrar ou conmemorar un feito ou de lembrar a un personaxe, sexan estes civís ou relixiosos. Tamén como cousa que dá alegría.

Representar graficamente A FESTA en Galicia é o obxectivo desta III Certame Escolar de Ilustración **ilustrarNós, visibilizando a riqueza de imaxes que estas celebracións deixan en cada persoa que as goza.**

As ilustracións deberán ser orixinais e inéditas, non sendo copia doutra autoría nin remitindo a ningunha marca comercial. Non se permite a utilización de imaxes, ilustracións, deseños ou outros elementos visuais xerados por intelixencia artificial (IA).

As obras que se presenten non poderán ter sido premiadas noutros concursos.

Se a obra participante contén algún texto, este deberá estar escrito en lingua galega.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se aceptarán traballos que inclúan -tácita ou implicitamente- contidos de carácter sexista e que se poidan considerar discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera traballo que supoña a discriminación por razóns de xénero, raza, orientación sexual, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, será obxecto de eliminación do certame **ilustrarNós.**

O **formato** das ilustracións deberán cumprir os seguintes requisitos técnicos:

- Resultan válidas tódalas técnicas e estilos de ilustración.
- Os traballos poderán ser en branco e negro ou en cor.
- Tamaño A4 en orientación vertical ou horizontal.
- PDF ou JPG.

Os traballos do alumnado participante serán enviados polo centro educativo no que estea matriculado o alumno ou alumna ao seguinte enderezo electrónico:
certame.ilustrarnos@gmail.com



No correo enviado deberá figurar como asunto “**III Certame de Ilustración ilustrarNÓS**”. Este correo virá acompañado da ilustración do alumno ou alumna e do formulario de inscrición e a autorización.

4.- Prazo

Os traballos serán enviados antes das 23.59 horas do día **6 de maio de 2024**.

5.- Premios

Establécese un premio para cada categoría consistente nunha *Tablet* con aplicación de deseño gráfico e unha colección de libros ilustrados (álbum, banda deseñada, novela gráfica, etc.), axeitados á idade do alumnado participante en cada categoría.

6.- Xurado

O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da cultura, da edición, da ilustración e da docencia. O fallo do xurado será inapelable, comunicado directamente aos centros educativos no que os alumnos e alumnas gañadores estean matriculados e publicados na web da área de Cultura e Deporte da Deputación de Lugo: **cultura.deputacionlugo.gal**

7.- Valoración

Os traballos valoraranse tendo en conta os seguintes aspectos:

- Relación co tema proposto.
- Orixinalidade e creatividade na interpretación de dito tema.
- Aportación narrativa desde a imaxe.
- Técnica e composición

8.- Condicións xerais

Os premios entregaranse no transcurso dun acto público ao que deberán asistir os alumnos e alumnas galardoados acompañados dos seus titores ou mestres.

A participación no certame leva implícita a aceptación de todas as bases, así como da decisión e o fallo do xurado.

Os traballos gañadores quedarán en poder da Área de Cultura e poderán servir de base para campañas posteriores deste certame ou como base para a edición de materiais divulgativos da propia área, sempre sen finalidade de lucro.